



Resolución de 18 de agosto de 2008, do Director-Xerente de Seaga, no proceso para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Licenciado en Veterinaria, para identificación e rexistro de gando, convocado por resolución do 1 de febreiro de 2008 (DOG do 4 de febreiro de 2008), pola que se acorda que, por insuficiencia de candidatos neste perfil profesional, se acude á lista previa para a cobertura de vacantes existentes.

Por resolución do 14 de marzo de 2008 do Director-Xerente de Seaga, publicada na páxina web de Seaga o 14 de marzo de 2008, aprobouse e fíxose pública a lista de contratación definitiva de candidatos na categoría de Licenciado en Veterinaria, perfil profesional “identificación e rexistro de gando”, convocado por resolución do 1 de febreiro de 2008 (DOG do 4 de febreiro de 2008).

Unha vez realizados tódolos chamamentos para a contratación de persoal temporal, entre os candidatos da antedita lista de contratación, e sen que se cubran as vacantes existentes por insuficiencia de candidatos, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.2.a) das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.- Candidatos convocados de outros perfís profesionais.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.2.a) para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios, aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA en data 12 de novembro de 2007 (DOG do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007), e debido á insuficiencia de candidatos para a cobertura das vacantes existentes na categoría de Licenciado en Veterinaria, perfil profesional “Identificación e rexistro de gando”, recórrase á selección de persoal a traveso da lista previa definitiva da categoría de Licenciado en Veterinaria.

En todo caso os chamamentos realizaranse respetando a orde de prelación dos candidatos que conforman a correspondente Lista Previa Definitiva.



O candidato contratado deste xeito en ningún caso verá perxudicados os seus dereitos na lista previa definitiva, e seguirá ocupando o mesmo posto que por calificación lle puidese corresponder.

Santiago de Compostela, a 18 de agosto de 2008.

Asdo.- **Xan Bautista Cambón Rodríguez.**

Director-Xerente

